

# Arqueoloxía dun topónimo: o nome do Vigo romano

*Archaeology of a place name: the name of the roman Vigo*

MANUEL SANTOS ESTÉVEZ

Grupo de Investigación Arqueología Social y Económica

Instituto de Historia - CCHS (CSIC)

G. I. Prehistoria Social y Económica - CCHS - CSIC

Recibido en Xullo de 2011

Aceptado en Abril 2012

## RESUMO

O artigo divídese en dúas partes. Na primeira propónse que a orixe do topónimo Vigo é alto medieval e non de época romana. Na segunda parte preséntase a hipótese de que a Burbida do Itinerario Antonino estaría situada en Vigo. Asimesmo propónse un trazado da vía XIX romana que comunicaría o porto de Vigo cas antigas Tude e Turaqua.

## Palabras chave

Vigo, Burbida, Época Romana, Idade Media, vía XIX.

## ABSTRACT

*This article is divided into two parts. The first one holds that the place name Vigo dates from Early Middle Ages and not from the Roman era. In the second part I propose the hypothesis that Burbida in Itinerary of Antoninus was situated in Vigo. As well I propose a new route for 19th Roman road that connected the port of Vigo with ancient Tude and Turoqua.*

## Key words

*Vigo, Burbida, Roman era, Middle Ages, 19th roman road.*

Un dos problemas que vén asociado á historia sobre as orixes de Vigo é escaseza de textos históricos anteriores ó século XII. Nas últimas décadas, esta situación adquire un releve especial ó contrastar co notable incremento da documentación arqueolóxica, especialmente de época romana, tardorromana e altomedieval. En certo modo, este traballo espera contribuír, nunha modesta medida, a paliar esta descompensación entre documentos arqueolóxicos e documentos escritos. A evidente asimetría entre os datos arqueolóxicos que falan dun destacado núcleo de poboación entre os séculos I e VII d. C. en Vigo, deberían ter implicacións á hora de interpretar a información dos textos históricos que puideran aludir ó referido lugar entre eses mesmos séculos.

Penso que unha das dificultades coas que se teñen atopado os arqueólogos e historiadores é a presenza do topónimo Vigo que, nalgúns ocasións, levou a algúns investigadores a presupoñer que, historicamente, Vigo ten sido unha entidade de escasa importancia, tópico que semella ter certo calado no eido non só popular. No presente traballo sosteño que, moi probablemente, o topónimo como designante da actual cidade é tardío, e que dita poboación tivo outras denominacións entre os séculos I e VII d. C. Basearei a miña argumentación, especialmente, na análise da paisaxe arqueolóxica dende época romana ata a Plena Idade Media, e verase como existen unha serie de rupturas na evolución desta paisaxe que puideran xustificar o cambio de nome da cidade olívica ó igual que sucedeu noutras entidades de poboación en Galicia.

## ARQUEOLOXÍA DUN TEXTO

Precisamente unha das máis antigas descrições da paisaxe viguesa témola nun enigmático texto publicado por Taboada Leal en 1840, onde se mestura o histórico, o mítico e incluso o arqueolóxico. Fálanos de diversas vicisitudes polas que pasou o núcleo urbano de Vigo con anterioridade ó século XVII, o mesmo autor data este manuscrito no último terzo deste século, concretamente o texto di o seguinte:

“Era esta villa de Bigo en los tiempos antiguos muy larga y dilatada y de mucha población, que llegaba por la parte que mira al oriente hasta el sitio que hoy se dice del Roupeiro, que, por estar algo desviado de la mar para la pesca; se despobló, y todavía quedaron allí algunos moradores que en él habitan con su iglesia parroquial, que hoy llaman Santiago de Bigo, en la cual hay sepulturas de alabastro y piedras labradas traducidas allí de los antiguos monumentos y entierros de los antiguos pobladores de aquel tiempo gentiles, con otras muchas laminas y piedras preciosas, que de estos sepulcros se quitaron y se ven hoy en otros edificios con sus letras y señales antiguas; y de ordinario se descubren otros debajo de tierra. Llegaba ansi mesmo su poblacion desde dicho sitio de Roupeiro por donde agora está fundado el convento de monjas desta villa por toda aquella ladera que así se llama oy, que estaba antiguamente poblada de casas, edificios

y arboleda hasta donde baja agora la marea, y con las inundaciones de la mar, inchientes de ella y avenidas de las agüas de los montes, terremotos y tempestades, que muchas veces se ofrece venir todo junto, se fué desaciendo y arruinando, con que ya oy selo cubre la mar y con la menguante de sus mareas da lugar á que los navegantes con mucha comodidad den carena á sus navios dejandoles en seco en el sitio que antes era poblacion de casas, edificios y huertas de mucha estimacion y recreo: lo sujetó y deshizo la mar, descubriendo cada día adelante muros de casas, monumentos, hornos de piedra de vobeda y otros de ladrillo por debajo de tierra que pregonan la antigüedad de sus primeros fundadores, como oy se reconoce en el transito que va de esta villa a las religiosas: toda esta poblacion tenía antiqüamente la villa de Bigo hasta recelosos sus naturales de las ruinas de los arrabales se quedaron en la eminecia de ella, donde agora está fuera de tales daños á la falda de su Castelo do Penso, donde ya oy esta edificado otro no de menos utilidad para su defensa con los adherentes para su fortificación.” (Taboada Leal, 1840: 171-3)

A cronoloxía do texto podería coincidir co inicio da repoboación do Barrio do Areal, que con anterioridade ó século XVII semella estar deshabitado a xulgar pola ausencia deste nun mapa de finais do século XVI (Ávila y La




Fig. 1. Gravado do s. XVI onde se aprecia como o actual barrio do Areal estaba deshabitado.


Cueva, 2003: 85, manuscrito de 1840), incluso aparece case totalmente deshabitado en 1667 segundo un gravado tamén presente no Archivo General de Simancas (Ávila y La Cueva, 2003: 80), (Fig. 1). Esta despoboación do Barrio do Areal vese confirmada polos resultados das intervencións arqueolóxicas recentes (Constenla Doce, 2006, Iglesias Darriba, 2006, 2007, 2008 e López Rodríguez, 2007).

Traio este texto, que mereceu a atención doutros investigadores anteriores, porque creo que é necesario analízalo detalladamente, xa que poden ser atopadas algunhas claves para comprende-la evolución de Vigo dende a época romana ata o século XVII. Este texto aborda o tema do traslado da poboación de Vigo dende o Areal ata o actual Casco Vello, aínda que apunta que entre medias existía unha poboación no Roupeiro que “estaba algo desviado de la mar” e que esta pequena poboación pertencía á parroquia de Santiago de Vigo. (Fig. 2)

Respecto á fiabilidade do texto, creo que é doado distinguir as partes do relato referidas á experiencia directa do autor ou autores do que son tradicións orais ou lendas. En primeiro lugar chama a atención a coincidencia entre a extensión da cidade en “aquel tiempo de gentiles” apuntada polo texto coa extensión do poboamento en época romana: “al oriente hasta el sitio que hoy se dice del Roupeiro”, “el transito que va de esta villa a las religiosas”, é dicir, dende o actual Casco Vello ata o Roupeiro pasando polo Areal. Tamén apunta a que a poboación non só estaría na liña inmediata á costa, como así semella apuntalo os achados na estación de ferrocarril e os recentes na rúa Policarpo Sanz<sup>1</sup>.

En segundo lugar apunta a unha discontinuidade na localización da poboación viguesa, primeiramente localizada no Areal e nas la-

<sup>1</sup> Noticia en Faro de Vigo e La Voz de Galicia no 20 de Abril de 2010.



**Fig. 2.** Mapa de Vigo de Francisco Coello de 1856. Foron resaltados algúns dos topónimos mencionados polo texto publicado por Taboada Leal e onde se observa a situación da igrexa de Santiago de Vigo na aba oriental do Castro de Vigo. Tamén aparece resaltado o trazado da variante oriental do antigo camiño a Tui.

deiras inmediatas, posterior despoboamento das zonas inmediatas á costa e continuidade nas zonas “desviadas de la mar para la pesca” na veciñanza de Santiago de Vigo, para logo fundar a definitiva poboación no actual Casco Vello ó pé do Castelo do Penso, fortificación situada onde hoxe está o Castelo de San Sebastián.

Pero quizais o máis interesante é que distín-gue claramente entre dous edificios que nun determinado momento, século XVII, parecen coexistir, o cal descartaría a tese de Álvarez Blázquez (1979: 74, 2008: 144 [1955]), quen sostén a posibilidade de que o convento de relixiosas do Areal ocupara o espazo da antiga Igrexa de Santiago de Vigo. En consecuencia ámbolos dous edificios ocupaban un sitio distinto no século XVII, aínda que o convento do Areal puidese funcionar, nos últimos tempos da súa existencia, como centro parroquial en substitución da desaparecida igrexa de Santiago.

Como veremos a continuación estas tres observacións teñen a súa corroboración na información arqueolóxica e histórica e que o mencionado texto está relatando os cambios experimentados pola poboación de Vigo desde época romana ata a Idade Media, espazo de tempo crítico para comprender a orixe do nome na cidade de Vigo.

Para desenvolver a nosa hipótese procedemos a analizar aqueles aspectos relacionados ca orixe do topónimo da cidade olívica.

## ARQUEOLOXÍA DO TOPÓNIMO VIGO

### O Vigo romano

Sen dúbida o nome de Vigo deriva do topónimo latino “vicus”, que de forma xenérica podemos traducir por *aldea*. Por razóns etimolóxicas os diferentes autores que se teñen ocupado do tema das orixes de Vigo, dan por feito que este nome foi posto á poboación en época romana, afirmación ésta que non semella tan evidente como “a priori” puidera parecer e que quizais precise de certa revisión crítica. Sabemos que non todos os topónimos latinos presentes en Galicia foron postos necesariamente en época romana, concretamente o topónimo “vicus” ou “vico” está en pleno uso na Idade Media. Xa Pérez Losada (2007: 35), a pesar de soste-lo que o nome

da poboación romana sería *vicus*, sinala que os 44 topónimos vigo existentes en Galicia son de orixe altomedieval, nembargante, este mesmo autor, propón que o caso de Vigo sería diferente a pesar de advertir certos problemas para encaixar a definición de vicus co que sería o vigo romano.

Grazas precisamente ós traballos de Pérez Losada podemos ter unha visión de conxunto dos numerosos achados que tiveron lugar nos últimos tempos en Vigo. Este mesmo autor sostén que Vigo tería sido unha cidade de facto, con todo, o topónimo *vicus* podería indicar que non era unha cidade de *iure*. A presenza de fragmentos de rúas empedradas e a orientación dominante das casas escavadas podería revelar unha configuración urbana programada e regular coincidente cun eixo lonxitudinal E-O e un transversal N-S (Pérez Losada, 2007: 34). Pero, antes de continuar ca argumentación, é necesario presentar unha vista xeral, aínda que tamén sintética, dos resultados das últimas campañas arqueolóxicas levadas a cabo en Vigo, e que revelan a presenza dunha poboación de certa complexidade. Para elo servirémonos dos traballos de sistematización de Pérez Losada (2002 e 2007) quen sinala, entre outras cousas, as seguintes circunstancias:

- Importante presenza de inmigrantes, especialmente da Meseta Norte. Baséase en claras referencias aparecidas nas estelas funerarias atopadas na rúa Pontevedra/Hospital. (2002: 247)
- O antropónimo *Publicia* delata a presenza de escravos públicos pertencentes a unha comunidade ou institución. (2002: 247)
- A zona do Areal, dada a ausencia de vestixios domésticos e á especial presenza de salinas e posibles estruturas portuarias, semella ter sido unha zona dedicada ó comercio e á industria.
- Na rúa Hospital atopouse unha necrópole, cara ó occidente deste punto, ata a rúa Carral pódese interpretar como un área habitacional e doméstica.
- Evidencias de ocupación doméstica na zona oriental do casco vello e posible necrópole, aínda que este punto non está

totalmente claro<sup>2</sup>, entre o núcleo do casco vello e o que se situaría entre as rúas Carral e Colón.

- Na rúa Marqués de Valterra foron atopados muros de mampostería, fustes de columna e unha basa. Hidalgo e Viñas (1998) intérpretoano como posible edificio oficial ou público baseándose na práctica inexistencia de cerámica doméstica, pero que Pérez Losada (2002) interpreta como posible *villa* suburbana.
- Entre a construción de Marqués de Valterra e o Casco Vello, na antiga praia de San Francisco identifícase unha necrópole con polo menos tres enterramentos.
- En termos xerais a cronoloxía destas estruturas irían dende o s. II d. C., posiblemente I d. C. ata o século VI d. C.

Trátase polo tanto dunha entidade de poboación dun tamaño considerable dentro dos parámetros no noroeste da península Ibérica en época romana. Coa suficiente actividade económica como para atraer inmigrantes (González García, 2010). Semella que xa dende momentos previos á creación do asentamento romano, o val do Fragoso contaba cunha poboación indíxena considerable, o actual termo municipal de Vigo posúe unha das densidades de castros máis altas de Galicia, ademais da presenza dun *oppidum* no coñecido como Monte do Castro. Por outra banda, a crecente importancia económica do porto ó longo do período romano, debeu converter a Vigo nun importante núcleo comercial o que debeu implicar unha boa rede de comunicacións non só marítima senón tamén terrestre.

Ante as evidencias arqueolóxicas, o propio Pérez Losada semella atopar certas dificultades para encaixar o concepto de vicus co gran sitio arqueolóxico de Vigo, neste contexto presentamos dúas definicións do termo vicus. Unha das definicións vén do lexicógrafo Festo da segunda metade do século III d. C, é dicir, contemporáneo duns dos momentos de ocupación do Vigo romano, o texto chegou ata nós algo incompleto:

<sup>2</sup> En 1918 publícase no Faro de Vigo (31/05/1918) o achado, na década dos 80 do século XIX, dun dobre sepulcro con restos humanos. Aínda que descoñecemos o grado de fiabilidade destes achádegos.

*“Vici . . . cipiunt ex agris, qui ibi villas non habent, ut Marsi aut Peligni, sed ex victis f partim habent remp. et ius dicitur. partim nihil eorum et tamen ibi nundinae aguntur negotii gerendi causa, et magistri vici item magistri pagi quotannis fiunt. altero, cum id genus aedificior .... nitur, quae continentia sunt his oppidis, quae ..... itineribus regionibusque distributa inter se distant. nominibusque dissimilibus discriminis causa sunt dispartita. tertio, cum id genus aedificiorum definitur, quae in oppido privi in suo quisque loco proprio ita aedificat, ut in eo ctdificio pervium sit, quo itinere habitatores ad suam quisque habitationem habeat accessum : qui non dicuntur vicani. sicut ii, qui aut in oppidi vicis, aut hi qui in agris sunt, vicani appellantur”<sup>3</sup>.*

Tamén hai unha segunda definición de Isidoro de Sevilla, máis tardía concretamente do s. VII d. C., momento en que o Vigo romano semella estar abandonado:

*“11 Vici et castella et pagi hi sunt qui nulla dignitate civitatis ornantur, sed vulgari hominum conventu incoluntur, et propter parvitatem sui maioribus civitatibus adtribuuntur. 12 Vicus autem dictus ab ipsis tantum habitationibus, vel quod vias habeat tantum sine muris. Est autem sine munitione murorum; licet et vici dicantur ipsae habitationes urbis. Dictus autem vicus eo quod sit vice civitatis, vel quod vias habeat tantum sine muris.”<sup>4</sup>.*

Pérez Losada inclínase pola definición dos vici como asentamentos urbanos, considerando a súa definición como asentamentos rurais como menos corrente. Pero o caso é que tanto o termo como o concepto segue en uso na Alta Idade Media, e de feito, os restantes topónimos *vigo*, presentes en Galicia semella ter orixe romana semella ter unha orixe romana se atendemos á inexistencia de restos desta época. Por outra banda, Sánchez Pardo (2008: 78) atribúe unha cronoloxía para este topónimo de entre os séculos III e VIII, polo menos para os os casos da antiga

<sup>3</sup> Festo frag. Liber XX, p. 371 M.

<sup>4</sup> Isidoro de Sevilla, Etymologiae, Libro XV, 2, 11-12.

terra de Nendos (A Coruña). Polo tanto, o topónimo vicus foi de uso corrente despois da desaparición do Imperio Romano, polo que cabe preguntarse se o nome da actual cidade de Vigo puido ter a súa orixe nun momento máis serodio do que se vén considerando<sup>5</sup>. Como veremos a continuación, a orixe serodia do nome de Vigo semella a máis probable. Por outra banda, veremos tamén como o devandito topónimo puido non terse orixinado no lugar ocupado actualmente polo sitio romano.

### A decadencia do Vigo romano

Segundo Carballo Arceo et al. (1998: 111) e Pérez Losada (2002: 266) o Vigo romano semella ser abandonado na segunda metade do século VI, aínda que este segundo autor propón posteriormente o século VII como o momento máis probable para o abandono (Pérez Losada, 2007: 34-5), data que semella máis acorde co contexto histórico.

Entre a segunda metade do século VI e o longo do VII teñen lugar unha serie de cambios no contexto xeopolítico que van ter unha notable incidencia no mundo urbano e especialmente nas cidades costeiras dedicadas ó comercio marítimo. Dentro da Gallaecia destacarían Brigantium e Vigo. No século V desaparece definitivamente o imperio romano e con el a estrutura política que propiciou o xurdimento destes portos. Gallaecia é ocupada polos Suevos a partir do 409, este Reino Suevo, en continuo enfrontamento cos visigodos, ten como única saída ó exterior os portos marítimos. Quizais sexa esta a causa pola que estes portos seguisen en plena vixencia, aínda que a decadencia de Brigantium semella comezar no século V (Pérez Losada, 2002: 139-40) e a de Vigo parece ser posterior cando menos un século. A estrutura social sueva semella dar prioridade a unha organización territorial espallada e baseada máis na agricultura ca no comercio, de tódolos xeitos, como xa dixemos, a conexión marítima co exterior debeu de ser crítica, especialmente co mundo mediterráneo e co Imperio Bizantino. Co incremento das hostilidades entre suevos e

visigodos, as rutas marítimas deberon cobrar importancia, ata o punto que no século VI semella ter lugar unha “momentánea intensificación dos contactos marítimos e a conseguinte revitalización urbana” (López Carreira, 1999: 31), feito corroborado pola presenza de abondosa cerámica de importación para o caso de Vigo (Fernández Fernández, 2011)

De tódolos xeitos o século VI parece ser unha época confusa, foi precisamente neste século cando parece ter lugar certa estruturación do territorio no Reino Suevo de Galicia, reflectido este feito no “Parochiale Suevorum”, documento redactado a consecuencia do Concilio de Lugo no 569 convocado polo rei Teodomiro. Neste texto, onde se citan tódalas parroquias e dioceses do reino, non aparece ningún Vicus na Diocese Tudense, aínda que algúns autores propoñen como probable a localización da igrexa de Turonio no val do Fragoso (Fernandes 1997). Este Turonio aparece nomeado por primeira vez no 445 no Crónica de Idacio, nun momento no que a poboación tardorromana de Vigo está na súa plenitude. Así mesmo, aparecen outras entidades que se corresponden con algunhas existentes xa en época romana, como semellan ser o caso de Tude e Toruca, esta última moi posiblemente correspondente coa Turoqua do Itinerario Antonino.

Coa caída da monarquía sueva, a breve entrada na órbita visigoda de Gallaecia, e a profunda crise do Imperio Bizantino na segunda metade do século VI, o tráfico marítimo interrómpeuse, o que conleva a decadencia das estruturas urbanas (López Carreira, 1999: 41). Cabe esperar que as redes comerciais caísen durante este período e acentuasen con elo a desaparición definitiva do Vigo romano como porto comercial e como entidade urbana.

### Vigo na Alta Idade Media

No que respecta á comarca de Vigo, nomeadamente a Terra do Fragoso, dende a segunda metade do século VI ata o século X, tralo despoboamento da cidade romana, o patrón de poboamento semella fragmentarse, e empeza a presentar certa estrutura artellada en torno á actividade agrícola. Segundo Sánchez Bargiela (1999: 89), na Alta Idade Media asistimos ó espallamento das *villae* como núcleo básico de asentamento. É de supor que o novo patrón de

<sup>5</sup> A posibilidade dunha orixe tardía do topónimo de Vigo xa é mencionada por Peña Santos (1999: 84)

poboamento aproveitase parte das estruturas agrícolas construídas en época romana. Éste semella ser o caso da vila romana da Praia do Cocho, dos séculos III e IV a. C. (Hidalgo Cuñarro, 1991: 195-6), situada nas inmediacións dunha parroquia con advocación paleocristiá como é Santa Baia de Alcabre

En todo caso, todo apunta a que na Alta Idade Media ten lugar a práctica desaparición do antigo núcleo urbano romano e a poboación semella dispersarse pola costa e polo Val do Fragoso. Por outra banda, débese facer notar a existencia de certa concentración de topónimos xermánicos no tramo medio do río Lagares, é dicir, nas parroquias de Sárdoma, Brebrive e Beade, precisamente nas terras máis fértiles da bisbarra. Neste período, so contamos con achados illados, como é o caso dun capitel, posiblemente de época sueva, en Beade, e de diversos sartegos pétreos, posiblemente asociados a igrexas altomedievais e pequenos núcleos de poboación de carácter eminentemente rural. Estes sartegos teñen aparecido nas proximidades da igrexa de San Martiño en Coia, en Coruxo, no barrio de San Roque, outro na parroquia de Sárdoma e dous deles situados nas proximidades do que puido ser o emprazamento da Igrexa de Santiago de Vigo na zona da actual rúa Bolivia. De tódolos xeitos, temos para este período un baleiro documental referente a ese proceso de transición entre o abandono do núcleo romano de Vigo e o xurdimento de pequenos núcleos dispersos, posiblemente organizados en torno a igrexas, é dicir, os “vici” alto medievais.

Pero quizais o máis destacable, dentro da notable ausencia de información para este período, sexa a posible existencia dunha igrexa altomedieval ó nacente do monte do Castro. Algúns autores teñen situado a desaparecida Igrexa de Santiago de Vigo na actual rúa do Areal, quizais o máis destacado fose Álvarez Blázquez (1979: 74, 2008: 144 [1955]), pero Carballo Arceo et al. (1998: 112) sinalan no mapa de Vigo de 1734 de Álvarez Limeses a presenza no contorno da rúa Venezuela da igrexa de Santiago. A situación desta igrexa nunha zona relativamente interior do concello de Vigo é corroborado noutros mapas, como ocorre co de Francisco Coello de 1856<sup>6</sup>

<sup>6</sup> Publicado en VV. AA. Vigo en su Historia. Coord. Álvarez Blázquez.

(Fig. 2). A posible situación da igrexa coincide co achado de dous sartegos antes mencionados, que de feito, levou no seu momento a Álvarez Blázquez a propor a posibilidade da existencia dun templo de época xermánica na aba oriental do castro de Vigo (Álvarez Blázquez, 1979: 63). Pero quizais a confirmación definitiva do emprazamento da antiga Santiago de Vigo veña da man de Espinosa Rodríguez (2003: 185 [1949]) como testemuña directa da presenza desta igrexa no lugar de Areosa na actual rúa Bolivia, templo que, segundo este mesmo autor, desapareceu definitivamente en 1897.

### Vigo na Plena Idade Media

Tras a escuridade dos séculos VII ó X empezan a observarse síntomas dunha reestruturación do territorio, moi posiblemente produto da consolidación territorial do Reino de Galicia. Con respecto á terra que nos ocupa, o que semella reflectir a documentación é que no século XI soamente temos unha parroquia co nome de Vigo, sabémolo polo documento de 1097, onde se resolve unha contenda entre Vigo e Canadelo, este último puido ser un territorio situado ó este de Vigo, posiblemente na redondelá parroquia de Chapela. Como a contenda é so entre estas dúas entidades só podemos propor un posible límite oriental de Vigo nesa época.

Entre os fitos nomeados destaca a presenza dunha *mammona* (mámoa) situada no monte Vixiador (*Vidixi*) e o derradeiro referente sería un rego, posiblemente o rego do Pugarriño que chegaría ata o mar, posiblemente na praia de Area Longa en Chapela, é dicir, os límites actuais do moderno concello de Vigo coincidirían, no seu límite oriental, con esa entidade chamada Vigo no século XI. Chama a atención que neste documento non se mencione se se trata de Santa María de Vigo ou Santiago de Vigo. Carecemos de información sobre a presenza de poboación no enclave e contorno de Santa María despois da época romana, aínda que non debemos dar por feito un baleiro total de poboamento. Sobre Santiago de Vigo temos a presenza de dous sepulcros altomedievais, que puideran estar datando un asentamento nesta época concreta. Esta posibilidade concordaría co sostido

por Sánchez Pardo<sup>7</sup> que data os topónimos *vicus* con anterioridade ó século IX.

No século XII empézase a falar de dous núcleos de poboación co mesmo nome, a partir desta centuria a documentación multiplícase e é rara a mención que non especifique a cal dos dous Vigo se refiren, mencionando para elo a advocación da parroquia, algo que non semella ser necesario no documento do século XI. A coincidencia toponímica de dous entidades de poboación limítrofes soe interpretarse como produto dunha escisión ou división a partir dunha única entidade<sup>8</sup>. Creo que é razoable pensar que a homonimia das dúas parroquias estea indicando que a vila medieval de Vigo, o que será o xérmolo da actual cidade, puidera ser produto dunha escisión a partir da antiga Santiago de Vigo situada na aba oriental do Monte do Castro e que, antes da división, abranguería a parte nororiental da Terra do Fragoso. Carlos Barros apunta como data máis probable para a fundación de Vigo (a vila intramuros) a segunda metade do século XII argumentando o seguinte: “As outras vilas medievais teñen a súa orixe en Galicia neses anos: a cidade de Pontevedra, máis importante que Vigo naquel entón, data do mesmo ano de 1169, conforme a carta foral concedida pola monarquía para poboar a nova urbe. No século XII conceden os Reis cartas forais así mesmo á Coruña, Allariz, Padrón, Ribadavia, Noia, Viveiro; seguidas doutras pequenas vilas urbanas no século XIII”.

Considero oportuno copiar aquí integro un fragmento da conferencia de Carlos Barros dado que nestas poucas liñas sintetízase o proceso clave acontecido na Idade Media en Vigo: “Este desprazamento (da vila de Vigo) que condiciona a construción da muralla malla fortaleza da vila, foi algo habitual –historia comparada– na Galicia urbana da Idade Media, presupoñendo un burgo anterior (en Santiago de Vigo no noso caso) e xogando un papel clave o interese militar e orográfico. O rei de Galicia Fernando II obriga a trasladar Tui a un lugar máis elevado, onde está hoxe a

catedral, para mellor defensa da cidade. Igual pasou na Coruña no paso da Peixería á “cidade vella”; en Ribadavia desde a Santa María do Burgo ou da Oliveira á onde están hoxe o restos do castelo dos Sarmientos, na parte alta, e a praza medieval de Santa María de Magdalena, máis abaixo, ambos cercados pola muralla que deixou fóra o vello burgo, como de seguro pasou na formación do Vigo medieval... Dos castros se baixou ó mar –ou a chaira para cultivar a terra– con Roma, para logo subir de novo coas novas cidades na Idade Media, estendendo cara arriba a continuidade do hábitat costeiro. O que obriga ás veces a construír a maior torre defensiva, o Penço, non tan alta como o castro prerromano, como en Vigo, pois dise –pendente de mellores comprobacións arqueolóxicas ou documentais– que estaba onde o castelo moderno de San Sebastián, máis abaixo do Castro, o que marcaría probablemente o límite máis alto dunha ocupación urbana medieval que sen dúbida chegaba ata o Berbés (onde os monxes de Melón tiñan intereses portuarios). Vese ben esta disposición espacial nos debuxos e gravados do século XVI e mesmo posteriores, a pesar do crecemento da poboación extramuros”<sup>9</sup>.

Polo tanto, na Baixa Idade Media teríamos dous núcleos de poboación. En 1136 o rei de Galicia Alfonso VII cede Santiago de Vigo ó Bispo tudense Don Paio Meléndez e ó cabido da catedral de Tui Santa María de Vigo (Sánchez Bargiela, 1999: 92), partición confirmada por Fernando II en 1170 (Pérez Rodríguez, 2007: 40-41). En torno a 1136 puido ter sido o momento da división do territorio de Vigo en dúas parroquias, podendo ser a de orixe máis antiga a de Santiago de Vigo, que non tería porque ter necesariamente a mesma advocación na Alta Idade Media, e cuxos dominios chegarían ata o porto do Areal; mentres que a outra parroquia, posiblemente máis recente, situouse na ladeira setentrional do Castro articulada en torno á igrexa de Santa María e vencellada ó porto do Berbés. Estes dous modelos de poboamento, o de Santiago e o de Santa María semellan corresponderse con modelos propios da Alta e da Baixa Idade Media respectivamente. Na Alta Idade Media

<sup>7</sup> Territorio y poblamiento en Galicia entre la antigüedad y la plena Edad Media (p. 78). Tesis doctoral lida na Universidade de Santiago de Compostela en 2008. Consultada en Google Books.

<sup>8</sup> Sánchez Pardo conv. pers.

<sup>9</sup> Conferencia publicada en: <http://www.h-debate.com/cbarros/galego/index2.htm>.



son pequenos asentamentos rurais abertos, co templo parroquial situado nun punto elevado e a certa distancia do núcleo ou núcleos de poboación<sup>10</sup>, un deles sería o de O Roupeiro a escasa distancia da liña de costa no Areal. Por outra banda, estaría Santa María de Vigo constituída como vila dende a súa fundación, cunha estrutura urbana e fortificada relacionada co porto da Ribeira do Berbés.

O territorio parroquial de Santiago de Vigo semella ser o resultado dun proceso histórico que se iniciaría coa desintegración da estrutura estatal do Imperio Romano e a progresiva ruralización da paisaxe, aínda que isto non é óbice para que ese “vicus”, situado na aba oriental do Castro, non tivera as súas orixes máis remotas nun proceso de abandono do castro de Vigo nos primeiros séculos da nosa era. Pola contra Santa María de Vigo sería de fundación real e estaría vencellada ó renacemento comercial do século XII (Ferreira Priegue, 1988a, López Carreira, 1999: 47, 68). As dúas antigas parroquias de Vigo ilustran ese movemento de arredamento da costa e achegamento posterior o cal puido ser o responsable do cambio de topónimo dende época romana ata a Idade Media. Polo tanto o máis probable é que o nome do Vigo Baixo Medieval non teña unha orixe romana senón que fora un nome herdado dun “vicus” máis afastado da costa e de orixe altomedieval.

Os historiadores medievalistas semellan concordar que entre a Tardoantigüidade e a Baixa Idade Media existe unha destacable continuidade nos núcleos de poboación máis ou menos destacados en Galicia. Esta afirmación parece tomar releve se comparamos as fontes de época romana: o Itinerario Antonino, a xeografía de Ptolomeo ou a de Estrabón coas alto medievais como o *Parochiale Suevorum* por unha banda, e o conxunto de cidades e vilas do século XII por outra. Pero esta afirmación non se cumpre sempre, como é nos casos de A Coruña, Pontevedra ou Vigo. Nestes tres casos está constatada a presenza de núcleos de poboación romana, sen embargo estes topónimos non aparecen nas fontes romanas ou de época xermánica. Todo o contrario ocorre con

entidades como Lucus Augusti, Iria Flavia, Auriensis, Tude ou Aquis Calidae.

A construción do territorio da Gallaecia no Reino Suevo (s. V-VI) ou posteriormente do Reino de Galicia, especialmente a partir de Alfonso II (791-842), aséntase sobre a alianza entre o poder rexio e a Igrexa, única estrutura territorial con implantación en todo o territorio tradicional da Gallaecia. Deste xeito foron precisamente aquelas sedes episcopais do século VI as que experimentaron unha clara continuidade a través dos séculos<sup>11</sup>: *Lucus-Lugo*, *Auriense-Ourense*, *Iria-Iria* e *Tude-Tui*. Mondoñedo será a herdeira da antiga Britonia, Caldas tamén foi sede episcopal no século V<sup>12</sup> aínda que no século seguinte deixo de selo en favor de Iria.

Pola contra poboacións como Brigantium non volven ser mencionadas na Idade Media, documéntase a poboación de Burgo do Faro, con condicións inapropiadas para o atraque de embarcacións de calado, por esta razón a poboación é trasladada ata a súa localización actual e reaparecendo na Baixa Idade Media como Coruña.

Na actualidade non podemos coñecer con seguridade os nomes romanos de poboacións como Pontevedra, Verín ou Brandomil. Estas poboacións, ó igual que Vigo, experimentaron unha profunda crise entre a Tardoantigüidade e a Alta Idade Media, que nalgúns casos levou a súa práctica desaparición ó non contar co interese político que si terían as sedes episcopais. Nos casos de poboacións costeiras como Coruña, Pontevedra ou Vigo ó seren refundadas na Baixa Idade Media apareceron rebautizadas, síntoma da inexistencia dunha continuidade entre o asentamento romano/alto medieval e o pleno medieval.

O destino de Vigo aparece estreitamente vencellado ó mar e ó comercio. Por esta razón nace o Vigo romano. Pola contra, cando as condicións socio-políticas crebaron o desenvolvemento comercial, a poboación desapareceu, e non volveu a rexurdir ata o renacemento

<sup>10</sup> Sánchez Pardo en 2010: 138, propón que na Galicia altomedieval a igrexa tende a ter unha posición illada con respecto ós núcleos de poboación.

<sup>11</sup> No caso de Tui si se documenta un traslado no s. XII dende a chan de Santa Eufemia ó outeiro no que se sitúa hoxe.

<sup>12</sup> Chronicon de Hidacio citado por Pérez Losada (2002: 142)

comercial do século XII coa reaparición dunha estrutura estatal estable.

En resumidas contas, a evolución da actual cidade de Vigo nas súas orixes, atravesou diversas vicisitudes, dende o *oppidum* do Monte do Castro, no século I d. C. empezouse a poboar o barrio do Areal. Nos comezos século VII as condicións políticas e socioeconómicas cambian sensiblemente o que leva a ruína do porto romano, ó despoboamento do Areal e ó xurdimiento dun novo tipo de poboamento máis organizado en torno á agricultura. Deste último momento puido datar o núcleo que logo será Santiago de Vigo. A orixe deste “vicus” na ladeira oriental do Castro de Vigo puido ser produto do mesmo proceso que deu orixe ó Vigo romano: o despoboamento do “oppidum” do Castro, cuxos ocupantes se foron desprazando paulatinamente cara a dous núcleos; un máis extenso e urbano na costa e outro máis reducido e agrícola que constituíu un “vicus” onde nacería o topónimo de Vigo.

En todo caso, no século XII fúndase a parroquia e vila de Santa María de Vigo, cuxo nome nada ten que ver co mundo romano ó tratarse dunha posible excisión de Santiago de Vigo da cal herda o nome. Queda, polo tanto, a cuestión do nome do Vigo romano. A solución poderíamos atopala no trazado da vía romana número XIX.

## O NOME DO VIGO ROMANO

### As vías romanas e a vía XIX na provincia de Pontevedra

Nun extenso e detallado traballo sobre os asentamentos romanos secundarios Pérez Losada sostén que: “tódolos aglomerados considerados están situados sobre o trazado de vías estatais primarias: Tui, Pontevedra, Caldas, Iria e Santiago na vía romana XIX; Baños de Bande e A Proba na XVIII; Ourense na vía directa Braga-Lugo) ou secundarias (Brandomil e A Coruña na XX; Verín e Xinzo na vía Chaves-Ourense; Castillós na vía Chantada-Valdeorras). Vigo é a única excepción, en todo caso relativamente próximo da vía XIX coa cal lle unen sendos camiños menores.” (Pérez Losada, 2002: 327); o mesmo autor sinala outros condicionamentos para a situación dos aglomerados romanos: zonas de cruce de ríos, intersección de camiños e as comunicacións marítimas. De feito a

vinculación das vías XIX e XX cos portos semella decisiva á hora de deseña-lo seu trazado, Tui, Pontevedra, Iria e Coruña que, segundo a historiografía recente, se corresponderían cos núcleos romanos de Tude, Turoqua, Iria Flavia e Brigantium respectivamente son portos desta época, unha vez máis debemos sinalar Vigo como unha excepción.


Un revelador estudo sobre os condicionantes xeográficos tanto humanos como sociais que influíron no trazado das vías témolo en Güimil Fariña (2009: 41), segundo estudo deste autor a función da vía XIX sería a de comunicar os portos atlánticos coas capitais conventuais. Numerosos teñen sido os trazados propostos por diferentes historiadores e arqueólogos para a vía XIX. Non vou determe a realizar unha crítica sobre os primeiros traballos relativos ós trazados das vías romanas pola provincia de Pontevedra, traballo xa feito por Peña Santos (1991) e pouco podemos engadir. Unha vez superado ó recurso abusivo á homonimia para identificar as “mansio”, como por exemplo nos casos de Burbida e Vico Spacorum ó facelos coincidir con Pazos de Borbén e Vigo respectivamente, traballos máis recentes dan prioridade ás evidencias arqueolóxicas e ás características orográficas do terreo como condicionantes dos trazados das vías. Exemplos deste último tipo de estudos témolos en Peña Santos (1991), Rodríguez Colmenero et al. (2004) ou Güimil Fariña (2009). Precisamente a partir do traballo de Peña Santos os estudos sobre a vía XIX conseguen soltar o lastre de traballos máis tradicionais o que suporá un importante avance nos estudos dos trazados das vías en Galicia.

Unha das principais fontes de información para o trazado da vía XIX é o coñecido como Itinerario Antonino. Para este traballo consultáronse as copias de Wesseling (1735), Parthey e Pinder (1848) e Cuntz (1929). Do I. Antonino consérvase na actualidade unha copia que non pode ser anterior a Caracala, aínda que tería modificacións do s. IV, Roldán Hervás propón a posibilidade de que fose feito no s. II con Antonio Pío ou Marco Aurelio, aínda que propón que o máis probable é que fose redactado nos primeiros anos de Diocleciano, é dicir, nos anos 80 do s. III (Roldán Hervás, 1975: 20). Tamén Caamaño Gesto sostén que a súa redacción orixinal puidera datar da época

de Caracala (196-217 d. C.), (Caamaño Gestó, 1984: 17). Polo tanto a posible redacción deste itinerario coincidiu, cronoloxicamente, coa colocación de parte dos miliarios situados entre Tui e Caldas, o cal tería lugar entre os séculos II e IV d. C.

O Itinerario Antonino non semella ser un catálogo de vías, nin sequera un documento oficial. En opinión de Roldán Hervás (1975) trataríase dun documento privado de rutas, posiblemente para uso dun comerciante e que, polo tanto, faría referencia ás entidades de poboación máis destacables dende o punto de vista comercial. Este conxunto de rutas coídase que coincidiría, na maioría dos casos, co trazado das principais vías romanas ademais de rutas marítimas.

A función primixenia do trazado dos camiños romanos foi o de comunicar os principais centros administrativos, que para o caso de Gallaecia foron *Lucus Augusti*, *Asturica Augusta* e *Bracara Augusta*. É na época de Augusto, século I d. C. cando se trazan as dúas vías máis antigas, unha que comunicaba Braga e Astorga, a vía XVII, e outra que unía estas dúas cidades, pero pasando por *Lucus Augusti*.



**Fig. 3.** Trazado da vía XIX segundo proposta de Peña Santos (1991)

Ó longo do trazado das vías romanas documéntanse instalacións, xeralmente asociadas a asentamentos e coñecidas como *mansio*. A finalidade primeira destas instalacións foi a de servir ós usuarios das mesmas, especialmente para abastecer e facilita-lo movemento do exército e as comunicacións entre os principais núcleos urbanos. O exército e o sistema tributario eran os dous piares do Imperio e dúas das principais razóns que motivaron a conquista da que sería a antiga Gallaecia: escravos, tropas auxiliares para o exército e ingresos obtidos a través do tributo e as explotacións auríferas. A vía XVIII tería como principal motivación a de comunicar as principais zonas mineiras, en cambio as vías XIX e XX, que en parte discorrerían pola costa occidental da Gallaecia tería unha razón eminentemente comercial, é dicir, comunica-los principais portos. Non debemos esquecer que o tráfico marítimo sería a principal medio de transporte comercial, por esta razón a vía XX foi coñecida tamén como *per loca marítima* é dicir, polos lugares marítimos, ou o que é o mesmo que comunica os portos.

Os principais accesos dende a costa occidental de Galicia cara o interior están asociadas a asentamentos romanos vinculados á vía XIX, Tui co río Miño, Turoqua coa ría de Pontevedra (ou a ría de Vigo como veremos) e Iria coa ría de Arousa. A ría de Muros-Noia, por condicionantes orográficos, non presenta boa comunicación co interior, de aí o histórico vínculo de Santiago con Iria e a ría de Arousa. Unha vez máis temos a excepción con Vigo, que inexplicamente semella permanecer á marxe do trazado da vía.

Diversos autores, especialmente os máis recentes, non consideran o paso da vía XIX por Vigo (Peña Santos, 1991 e Rodríguez Colmenero et al., 2004), por considerar que o camiño máis económico entre Tude (Tui) e Aquis Celenis (Caldas de Reis) é a través da Depresión Meridiana, cuxo treito máis meridional está ocupado fundamentalmente polo val do río Louro (Fig. 3). Polo tanto, o paso por Vigo entre estas dúas “*mansio*” suporía un desvío innecesario, de feito alguén que se desprazase entre Bracara e Iria nunca pasaría por Vigo se a súa ruta fose exclusivamente terrestre. Tamén hai que destaca-lo feito da presenza de tres miliarios en Guizán, Saxamonde e San Mamede de Quintela que son unha proba con-

tundente que apoia a hipótese dun trazado da vía XIX por terras de Mos e Redondela. Pero esta hipótese deixa unha cuestión pendente: a localización de Burbida. Non temos argumentos suficientes para situala no Alto das Barreiras, xa que os achados da zona son realmente escasos (Filgueira Valverde e García Alén, 1956: 180-1) e tódalas *mansio* identificadas ata o momento se corresponden con asentamentos de certa entidade.

Volvendo á cuestión da posible finalidade da vía XIX e traendo a colación o traballo de Güimil Fariña (2009), cabe pensar que a función principal desta vía sería a de comunica-los portos, xa que, se fose exclusivamente comunica-las capitais conventuais entre si, non estaría xustificado que esta vía pasase por ningunha po-boación do occidente de Galicia. Se aceptamos que o propósito da vía XIX era enlaza-los portos atlánticos coas capitais conventuais, resultaría difícil de xustificar que no itinerario non se citase o porto de Vigo, que semella contar con estruturas construtivas romanas, como son as salinas, dende o século I d. C. (Carballo Arceo et al., 1998: 95) e cuxo apoxeo sitúase entre os séculos III e VI d. C. Por outra banda, sería necesaria unha infraestrutura viaria de certa entidade, que comunicase o porto de Vigo ca vía XIX e co interior, para posibilita-lo movemento de carros de mercadorías para transportes pesados como o *plaustrum* de catro rodas e dous eixos ríxidos, que non permiten o desprazamento por pendentes demasiado pronunciadas.

A importancia comercial, como así o amosa o estudo de Fernández Fernández (2011) e o tamaño do Vigo romano dentro do noroeste ibérico, xustificaría a presenza dunha duplicación da vía XIX, cun trazado que unise directamente Tui e Caldas e outro que se desviase ó porto de Vigo. Os trazados dobres nas vías romanas non son raros, un caso próximo de trazado dobre paralelo témolo na mesma vía XIX, concretamente no treito que separa as *mansio* de Limia e de Tude, a vía divídese en dúas variantes, unha occidental e outra oriental que rematan uníndose tras un percorrido de 12 km. e formando de novo un so camiño. Este treito está situado entre Portela de Romarilhães (Paredes de Coura) e São Gabriel (Valença do Minho). As dúas variantes están sinalizadas por miliarios coetáneos, polo que foron utilizadas simultaneamente (Rodríguez Colmene-

ro et al., 2004: 223). Do mesmo xeito a vía XX puido ter funcionado como unha variante da XIX, desvío considerable xustificado para unir Lucus Augusti co porto de Brigantium.

### Un posible trazado para a vía XIX entre Tui e Vigo

O Itinerario Antonino menciona catro topónimos dentro do que se correspondería co actual territorio administrativo da provincia de Pontevedra. O primeiro deles é claro na súa identificación, trátase de Tude, que se correspondería coa actual Tui. O segundo topónimo que dito itinerario sitúa a XVI millas de Tude sería o de Burbida. O terceiro, situado tamén a XVI millas é o de Turoqua e, finalmente o cuarto é Aquis Celenis situado a XXIII millas do anterior. Respecto a este último topónimo semella ser claro que se refire á actual Caldas de Reis, o problema está na identificación dos dous sitios intermedios: Burbida e Turoqua. Nos traballos máis recentes téndese a identificar o primeiro co Alto das Barreiras en Mos e o segundo coa actual cidade de Pontevedra, seguindo a hipótese de Peña Santos (1991)

A xulgar pola cronoloxía dos achados, o Vigo romano estaría ocupado polo menos dende os séculos II e VII d. C. segundo Pérez Losada (2007: 34-35), ou entre o s. I e o VI d. C. segundo Carballo Arceo et alii (1998); polo tanto a redacción do Itinerario Antonino e a colocación dos miliarios situados entre Tui e Pontevedra coincidiría cun dos momentos de pleno desenvolvemento urbano de Vigo en época romana. Esta circunstancia é fundamental á hora de analiza-lo trazado da vía XIX. Aínda que debemos ter en conta unha serie de precaucións.

Unha das dificultades para aborda-lo estudo do percorrido das vías é calcular o valor da milla empregada. Peña Santos, para o treito da vía XIX inclínase por usar a equivalente a 1.480 m., neste traballo seguiremos o valor proposto por Roldán Hervás (1975: 33) de 1.481 m., aínda que existe unha certa variedade de propostas sobre este aspecto (como exemplo véxase Rodríguez Colmenero et al. (2004: 363-6) ou Caamaño Gesto (1984: 55). Aínda que é unha cuestión importante, tampouco debemos extralimitarnos á hora de precisar en extremo o seu valor, especialmente en distancias non moi longas como é o caso da vía XIX na metade sur



**Fig. 4.** Vista do Castro de Vigo a primeiros do século XX. Tomada dende as inmediacións da porta do Pracer por onde entraría a antiga estrada de Tui.

da provincia de Pontevedra. As mensuracións entre mansións ou entre miliarios debéronse levar a cabo, na maioría das veces, medíndoas por pasos (*gradus*) ou por dobre paso (*passus*) (Caamaño Gesto, 1984: 64); se a este procedemento, non moi preciso de medir distancias, lle engadimos a circunstancia de que descoñecemos os trazados de forma absolutamente precisa, creo que non está xustificado un exceso na rixidez das medicións. Así a todo, as medicións que estableceremos seguindo camiños históricos, cuxa antigüidade pódese remontar nalgún caso á Baixa Idade Media, coinciden de xeito bastante preciso coas distancias establecidas no I. Antonino.

#### **A antiga estrada Tui-Vigo e a variante da vía XIX a Burbida**

Dende tempos inmemoriais e ata o século XIX, a principal vía de comunicación entre Tui e Vigo foi unha antiga estrada que ascendía pola marxe esquerda do val da Louriña ata a portela do Alto de San Colmado e baixaba a Vigo atravesando o val do Fragoso<sup>13</sup>. Neste mesmo senso, Ferreira Priegue (1988: 91-2) sinala a existencia dun camiño de orixe medieval, que sairía de Tui pola Porta da Corredoira, pasa por Ribadelouro, dende aquí iría ascendendo ata Mosende e Chenlo ata chegar a Herville, logo pasaría por Cela, bordea o Monte Pedra

<sup>13</sup> De feito nun mapa de 1705 o único camiño representado entre Tui e Pontevedra pasaba por Vigo seguindo a devantida estrada: Mapa de Galicia Col. Cart. M. B. -53 no Arquivo do Reino de Galicia.

Cavalaria e de alí a Beade; no lugar de Estrada bifúrcase: un camiño iría dereito a Vigo por Castrelos, Santo Tomé de Freixeiro e entraría en Vigo pola porta da Falperra tras pasar ó pé do castro de Vigo polo poñente. A segunda variante pasaría por San Pedro de Sárdoma, A Salgueira e subiría ata o Couto<sup>14</sup>. Esta segunda variante aproveitaría unha portela situada entre o Couto Piñeiro e o Monte do Castro onde se situou, no seu tempo, a capela de San Honorato, logo pasaría pola actual rúa de Puerto Rico, pasaría ó pe dos castros de Castrelos, do Piricoto e logo do Monte do Castro ou Castro de Vigo pola ladeira do nacente e entraría pola porta do Pracer (Fig. 4). Este camiño tería unha pendente máxima entre Figueiras e Erville na subida dende o val do Louro ata a portela do Alto de San Colmado (ou San Cosme), esta pendente sería do 10%, o resto do camiño tería unha pendente que raramente excedería o 4%.

As diferentes referencias a este camiño real, tal e como é denominado en diferentes ocasións, poden datar cando menos do século XIII; un documento de 1228 fai referencia a unha “viam veterem” facendo alusión á entrada a Vigo pola Falperra (citado por Álvarez Blázquez, 1979).

Arqueolóxicamente pódese destacar á existencia de diferentes restos de época romana e alto medieval ó longo deste trazado: en

<sup>14</sup> Ata hai poucos anos todavía era observable un treito de camiño empedrado que comunicaba a actual Avenida de Madrid coa praza de Santa Rita.

Cela temos unha inscrición funeraria romana (Filgueira Valverde e García Alén, 1956: 179), no concello de Vigo atravesaría o lugar de Figueirós co achado de muíños circulares e cerámica romana (Carballo Arceo et al., 1998), tamén pasaría pola igrexa de Beade onde foi atopado un capitel de posible época xermánica. Entre Erville e Beade atopamos no posible trazado desta vía os topónimos de Padrón do Couto, barrio de Padrón, Calzada, A Estrada que tradicionalmente se asocian a trazados de vías.

Unha hipotética variante que comunicase Tude con Vigo en época romana, ben puido seguir un trazado semellante, aínda que, evidentemente, este trazado puido sufrir transformacións, de feito, na Idade Media e Moderna a entrada máis lóxica sería pola mencionada porta da Falperra. En época romana, o actual Casco Vello so estaría ocupado na súa metade oriental e o groso da poboación atoparíase na barrio do Areal, logo, o hipotético trazado da vía seguiría a variante cara a San Pedro de Sárdoma, pasando antes ó pé dos castros de Castrelos e Piricoto e atravesaría o río Lagares pola ponte medieval aínda hoxe existente e subir cara ó Couto, atravesar pola antiga portela situada entre o Castro de Vigo e o Couto de San Hororato, e de alí baixaría cara á costa pasando pola antiga parroquia de Santiago de Vigo. Este percorrido non suporía unha diferenza significativa na distancia dende Tui (Fig. 5).

Respecto a distancia existente entre Tui e Vigo, no documento de 1840 de Ávila de la Cueva (2003: 99) establece unha distancia, no século XIX, entre Santa María de Vigo e Tui de 4 légoas, a mesma distancia que establece Henrique Flórez no século XVIII<sup>15</sup> é dicir, entre 22.292 m. e 23.656 m., xa que o valor da légoa para 1840 era de 20.000 pés<sup>16</sup>. En definitiva, en torno a 1840 a distancia entre Vigo e Tui coincidiría coa distancia establecida entre Tude e Burbida no Itinerario Antonino, XVI millas, é dicir de 23.696 m, se nos inclinamos por pensar que cada milla equivalería a 1.481 metros.

<sup>15</sup> La España Sagrada, Tomo XXIII, p. 210.

<sup>16</sup> A partir de 1801 unha Real Orde de xaneiro establece esta medida para toda a Coroa Española. Estes 20.000 pés equivalerían a unha distancia de entre 5.573 y 5.914 m.

### Un posible trazado para a vía XIX entre Vigo e Turoqua

Para trazar a vía dende Vigo cara ó norte a cuestión tórnase algo máis complicada. Contamos cun camiño real medieval pertencente a un dos trazados do camiño de Santiago e que aparece mencionado por Ferreira Priegue (1988b: 102-3). Saía de Vigo por A Calzada cara a Chapela por Paradela, Parada, Laredo subiría cara a Trasmañó e polos altos do Monte Penide iría cara a Cedeira e logo a Redondela. A existencia deste camiño, con pendentes case imposibles, con ladeiras con 18%, 25% e 33% de inclinación, obviamente paliadas polo trazado do camiño en zigzag, pero cunha pendente excesiva en todo caso, semella indicar que as comunicacións terrestres cara ó norte non eran doadas na Idade Media. Asímesmo chama a atención que non se usase a vía de tránsito seguida pola actual estrada Vigo-Pontevedra por Rande. En principio cabería pensar que o camiño máis económico entre Vigo e Redondela sería a través da actual estrada que bordea o estreito de Rande, pero hai que sinalar que esta estrada non aparece mencionada ata a segunda metade do século XVIII<sup>17</sup>, concretamente en 1767<sup>18</sup>, a inexistencia desta estrada con anterioridade, puido ser debido á dificultade que ofrecía o releve para a súa construción. O actual trazado tan horizontal é debido a unha grande inversión de traballo para vencer as fortes pendentes laterais que dende o Vixiador e Monte Penide caen ata o mar, ditas dificultades non só afectarían á execución da obra senón tamén ó seu mantemento. É posible que a apertura da estrada por Rande estivera vencellada á construción da batería de Rande, existente en 1702<sup>19</sup> ou ben sería máis serodia e sería construída ó longo do século XVIII coas obras de reformas de estradas levadas a cabo con Carlos III

<sup>17</sup> No Mapa do Reino de Galicia de 173- ARG. Col. Cart. M.B. -69. Das Königreichs Gallicien Südlichertheil Nro: 592, o trazado do camiño segue pasando por Trasmañó, é a partir do mapa de 1767 cando o trazado pasa por Rande

<sup>18</sup> Mapa do bispado de Tui de Rosendo de Amoedo ARG. Col. Cart. M. B. 1767. Estrato da España Sagrada de Henrique Flórez T. XXIII.

<sup>19</sup> O Padre Sarmiento na súa viaxe cara a Vigo, non deixa claro se pasa polas inmediacións do forte de Rande ou polo convento de Trasmañó en 1745 (Viaje por Galicia)



**Fig. 5.** Os círculos representan os castros posiblemente ocupados no século I (segundo González Ruibal, 2007). Os cadrados os sitios arqueolóxicos romanos e a liña discontínua o posible trazado da vía XIX.

e Carlos IV e coa primeira industrialización e Vigo. Rande semella non ser o único sitio da zona onde se atoparon co problema das fortes pendentes laterais, este mesmo impedimento seguramente volveu a aparecer uns quilómetros máis ó norte, entre Cesantes e Arcade á altura de Punta Sobreira, que obrigou a facer un trazado, aparentemente antifuncional, que pasase ó pé do monte da Peneda<sup>20</sup>.

Polo tanto temos que a comunicación tradicional entre Vigo e Redondela antes do século XVIII non era por Rande, senón por Trasmañón-Penide-Cedeira. A vía romana dificilmente podería pasar polo camiño medieval mencionado dadas as pendentes extremas, por elo semella que o trazado máis factible en época romana sería saíndo do val do Fragoso pola portela ocupada na actualidade polo aeroporto de Peinador (Fig. 5). Este posible trazado non superaría en ningún momento o 8% no gradiente da pendente, que semella o máximo recomendable para as vías romanas (Moreno Gallo, 2005: 64), aínda que puntualmente poda chegar ó 15% (Rodríguez Colmenero et al., 2004: 51). No caso de ser este o trazado correcto o trazado da vía pasaría por Santiaguíño de Antas (Mos), precisamente onde se sitúa un miliario “in situ”<sup>21</sup> coincidindo co sitio

de cruce entre a o trazado que iría directamente dende Tude a Turoqua co que procedería de Vigo cara a Turoqua.

Un dos problemas que presenta o trazado que identificaría Vigo con Burbida é que a distancia que separa Vigo de Pontevedra non coincide coa distancia que o I. Antonino estable entre Burbida e Turoqua, é dicir, XVI millas, senón que coincidiría coa distancia existente entre Vigo e o Castro da Peneda con bastante exactitude. Isto leva a pensar que a posible localización de Turoqua estivese en realidade no castro da Peneda, habitado en época romana ou ben na súa contorna. No contorno deste castro contamos con numerosos achados e construcións de época romana, situadas na zona de Soutoxuste a pouco máis de 1 km. ó oeste, trátase de restos dunha posible *villa*, unha necrópole, relevos e cerámica da época (Filgueira Valverde e García Alén, 1956: 181). Dúas circunstancias significativas reforzan a hipótese de que Turoqua puido estar situada no mesmo castro da Peneda ou no seu contorno; en primeiro lugar que a distancia entre a Peneda e Caldas de Reis é practicamente a mesma que a distancia establecida no I. Antonino entre Turoqua e Aquis Celenis, é dicir XXIII millas. Este último dato permitiríanos prescindir do argumento dun posible erro na transcripción das distancias tal e como argumenta Peña Santos ó situar Turoqua en Pontevedra.

<sup>20</sup> Xa Taboada Leal en 1840 chama a atención sobre o inapropiado do trazado desta estrada na súa época e propón o trazado que actualmente ten.

<sup>21</sup> Escavado no proxecto “Vías Atlánticas” no 2007. Agradezo a Rafael Rodríguez Martínez a información.

dra (Peña Santos, 1991)<sup>22</sup>. En segundo lugar hai que facer mención da presenza, no século VI, dunha igrexa en Toruca situada na antiga diocese tudense, é dicir, ó sur do río Verdugo, no caso que esta Toruca fose a mesma que a Turoqua da vía XIX quedaría descartada Pontevedra como a súa posible localización. (Fig. 6)

Por outra banda hai que ter en conta que ó situar Burbida en Vigo e Turoqua en A Peneda as distancias coinciden co I. Antonino e o seu trazado explicaría o emprazamento do miliario en Santiaguíño de Antas nunha zona elevada con respecto ó val do Louro, situación pouco xustificable se a vía comunicase directamente Tui con Redondela, este miliario estaría marcando a portela que facilita o acceso ó val do Fragoso.

Polo tanto se situamos Burbida en Vigo, Turoqua en A Peneda e Aquis Celenis en Caldas de Reis coinciden plenamente tódalas distancias do I. Antonino:

Percorrido	Distancia en km	Distancia en millas romanas	Distancia no I. A.
Tui - Vigo (por San Cosme e Sárdoma)	25	XVI	Tude-Burbida XVI
Vigo - A Peneda (por Peinador)	23	XV	Burbida-Turoqua XVI
A Peneda - Caldas de Reis	34	XXIII	Turoqua-Aquis Celenis XXIII

<sup>22</sup> É moi improbable un erro na transcripción das distancias entre mansións no Itinerario Antonino cando a suma das distancias entre as mesmas coincide co percorrido completo da vía, tal e como ocorre no caso da vía XIX.




Fig. 6. Proposta para o trazado da vía XIX ó seu paso polo sur da actual provincia de Pontevedra.

## RECAPITULACIÓN

Ó longo deste traballo propúxose a posibilidade de que o topónimo da actual cidade de Vigo tivera unha orixe altomedieval e que, en todo caso, o nome co que se coñece a actual cidade fora posto en plena Idade Media. Por outra banda sinalouse, á luz da información arqueolóxica dispoñible, que no século VII o emprazamento do Vigo romano queda despoado, polo menos na súa maior parte, o cal xustificaría a desaparición do antigo topónimo de época romana. Así mesmo, propúxose Burbida como posible topónimo para o Vigo romano, aínda que é moi posible que este nome sexa de orixe hispanocéltico<sup>23</sup> (Moralejo Álvarez, 2009: 193) polo que sería probable que este topónimo estivese facendo referencia en principio ó Castro de Vigo<sup>24</sup>. A redacción do

<sup>23</sup> Posiblemente tamén sería céltico Turoqua, polo que é posible que tamén fíxese referencia ó castro da Peneda e que por extensión ó poboamento romano próximo.

<sup>24</sup> En Wesseling (1735: 430) recóllense diferentes variantes deste topónimo segundo os documentos consultados por este autor, así menciona Burbada e Burbade. En relación a isto, chama a atención que topónimos semellan-



Itinerario Antonino puido producirse nun momento no que o castro estaría en proceso de abandono, en torno ó século III d. C. (Hidalgo Cuñarro, 1987, 1989), e a poboación empezaría a ser maioritaria no asentamento romano, este topónimo non volve a ser mencionado en ningún documento conservado, nembargante habería que contempla-la posibilidade de que fose Turonio a nova denominación do Vigo propiamente romano, nome citado en fontes a partir do século V, aínda que este é un tema que require un traballo monográfico.

Para soste a hipótese da identificación de Vigo con Burbida temos a coincidencia coas distancias mencionadas entre as entidades mencionadas no I. Antonino e os asentamentos romanos do sur da provincia de Pontevedra. Esta proposta tamén sería coherente coa posición dos miliarios conservados, aínda que a ausencia destes monumentos no val do Frago pode ser unha debilidade desta hipótese. Esperemos que futuros traballos poidan confirmar ou desdicir esta proposta.

#### AGRADECIMENTOS

Carlos Barros, Marco García, Alejandro Güimil e Antonio Uriarte.

#### BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, A. (1979). Cuadros de Vigo en la Edad Media. En *Vigo en su Historia*: 61-124. Ed. Caja de Ahorros Municipal de Vigo.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, A. (2008). “Achado de estelas funerarias romanas en Vigo (Pontevedra). *Escritos sobre arqueoloxía*: 137-50”. Reedición do artigo: Hallazgo de estelas funerarias romanas en Vigo (1ª edición 1955 III Congreso Nacional de Arqueología). Instituto de Estudos Miñoranos. Vigo.

ÁVILA Y LA CUEVA, F. (2003). *Ciudad de Vigo. Villa de Bouzas*. Publicación do orixinal manuscrito de 1840. Ed. C. González Pérez. Editorial Toxosoutos.

CAAMAÑO GESTO, X. M. (1984). *As vías romanas*. Cadernos do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela.

tes están relacionados na actualidade con castros: Castro Barbude (A Estrada) e dous Castro Barbudo en Rianxo e Ponte Caldelas respectivamente.

CARBALLO ARCEO, X., LUANCES ANCA, J E TOSCANO NOVELLA, M. A. (1998). *Catálogo do patrimonio arqueolóxico. Arqueoloxía de Vigo e a súa historia*. Concello de Vigo.

CONSTENLA DOCE, X. (2006). “Escavación arqueolóxica en área e decapaxe mecánica no soar nº 16 da rúa Areal de Vigo”. *Actuacións Arqueolóxicas 2006*: 152-3. Xunta de Galicia.

CUNTZ, O. (1929). *Itineraria Antonini Augusti et Burdigalense*. Lipsiae.

ESPINOSA RODRÍGUEZ, J. (2003). *Tierra de Frago. Notas para la historia de Vigo y su comarca*. Reedición do orixinal de 1949. Instituto de Estudos Vigueses. Vigo.

FERNANDES, A. de ALMEIDA (1997). *Paróquias suevas e dióceses visigóticas*. Associação para a Defesa do Património Arouquense. Arouca.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. (2004). *Toronium. Aproximación a la Historia de una Tierra Medieval*. Cuaderno de Estudios Gallegos, Anexo XXXI. IEGPS. CSIC.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. (2011). “As relacións externas de Gallaecia durante os séculos IV ó VII d. C. a traveso do material importado localizado en Vigo (Galiza)”. En Pérez Losada ed. *Hidacio da Limia e o seu Tempo: a Gallaecia sueva / A Limia na época medieval*: 1-43. Concello de Xinzo da Limia.

FERREIRA PRIEGUE, E. (1988)a. *Galicia en el comercio marítimo medieval*. Ed. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.

FERREIRA PRIEGUE, E. (1988)b. *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Auriense nº 9. Museo Provincial de Ourense.

FILGUEIRA VALVERDE, J. e García Alén, A. (1956). Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra. *El Museo de Pontevedra VIII*.

GALINDO ROMERO, P. (1923). *Tuy en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*. Madrid y Zaragoza.

GONZÁLEZ GARCÍA, F. J. (2010). “Hábito epigráfico, decoración plástica e interacción cultural en el noroeste hispano en época romana. Análisis de las estelas funerarias de Vigo (Pontevedra)”. *Madrid Mitteilungen* 51: 395-419. Instituto Arqueológico Alemán.

- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2007a): *Galaicos: Poder y Comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica* (1200 a.C. - 50 d.C.). Brigantium 19 V. 1 y 2. Museo Arqueológico de A Coruña.
- GÜIMIL FARIÑA, A. (2009). *Vías epigrafía y territorio. Aproximaciones metodológicas para el análisis de la articulación del territorio en la Gallaecia*. Trabajo de Investigación lido na Universidade de Santiago de Compostela.
- HIDALGO CUÑARRO, J. M. (1987). “Materiales arqueológicos del castro de Vigo”. *Luxurium VI*: 123-34. Universidad de Alicante.
- HIDALGO CUÑARRO, J. M. 1989. “La romanización del castro de Vigo”. *Habis* 20: 279-92. Universidad de Sevilla.
- HIDALGO CUÑARRO, J. M. (1991). “Últimas excavaciones de urgencia en Vigo: castros y yacimientos romanos”. *Castrelos III-IV*. Museo Municipal de Vigo.
- HIDALGO CUÑARRO, J. M. e Viñas Cue, R. (1998). “El Vigo romano y su problemática”. En *As orixes da cidade no Noroeste Hispánico*: 807-38.
- IGLESIAS DARRIBA, M. J. (2006). “Avaliación patrimonial da unidade de actuación I-06, Rosalía de Castro 2 (Fase II) Vigo”. *Actuacións Arqueolóxicas*: 154-5. Xunta de Galicia.
- IGLESIAS DARRIBA, M. J. (2007). “Avaliación arqueolóxica das parcelas 6, 10, 6 anexo e 3 anexo, da unidade de actuación I-06, Rosalía de Castro II, Vigo”. *Actuacións Arqueolóxicas*: 174-5. Xunta de Galicia.
- LÓPEZ CARREIRA, A. (1999). *A cidade medieval galega*. Edicións A Nosa Terra. Vigo.
- LÓPEZ RODRÍGUEZ, E. 2007. “Sondaxes arqueolóxicas manuais na parte oriental do inmovible nº 2-3 da praza de Compostela, Vigo”. *Actuacións Arqueolóxicas*: 176-7. Xunta de Galicia.
- MORENO GALLO, I. (2005). *Vías romanas. Ingeniería y técnicas constructivas*. Ministerio de Fomento. Madrid.
- MORALEJO ÁLVAREZ, J. J. (2009). “Toponimia de las vías romanas de Galicia”. *Palearchaeología* 9: 189-202. Actas do X Colóquio Internacional sobre Línguas e Culturas Paleo-Hispánicas.
- PARTHEY, G. E PINDER, M. (1848). *Itinerarium Antonini Augusti et Hierosolymitanum*.
- PEÑA SANTOS, A. (1991). “Consideraciones sobre las vías romanas de la provincia de Pontevedra”. *Castrelos III-IV*, 217-43. Museo Quiñones de León de Vigo.
- PEÑA SANTOS, A. (1999). Perspectiva actual sobre as orixes da cidade. En *Historia de Vigo*: 11-85. A Coruña. Ed. Vía Láctea.
- PÉREZ LOSADA, F. (2002). *Entre a Cidade e a Aldea. Estudio arqueohistórico dos “aglomerados secundarios” romanos en Galicia*. Brigantium 13. Museo Arqueológico e Histórico de A Coruña.
- PÉREZ LOSADA, F. (2007). El Vicus Romano. En *Historia de Vigo*: 25-36. Ed. Faro de Vigo. Vigo.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, J. (2007). *Vigo y la Terra de Frago en la Edad Media (1150-1500)*. *Historia de Vigo*. Ed. Faro de Vigo. Navarra.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., FERRER SIERRA, S. E ÁLVAREZ ASOREY, R. D. (2004). *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*. Consello da Cultura Galega. Lugo
- ROLDÁN HERVÁS, J. M. (1975). *Itineraria Hispana. Fuentes antiguas para el estudio de las vías romanas en la península Ibérica*. Anexo de Hispania Antiqua. Universidades de Valladolid e Granada.
- SARMIENTO, M. (1975). *Viaje por Galicia (1745)*. Ed. José Luis Pensado. Universidad de Salamanca.
- SÁNCHEZ PARDO, J. C. (2008). *Territorio y poblamiento en Galicia entre la antigüedad y la Plena Edad Media*. Tese doutoral lida na Universidade de Santiago de Compostela.
- SÁNCHEZ BARGIELA, R. (1999). Vigo na Idade Media. En *Historia de Vigo*. Ed. Vía Láctea.
- TABOADA LEAL, N. (1840). *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores*. Vigo
- WESSELING, P. (1735). *Vetera romanorum Itineraria sive Antonini Augusti itinerarium*. Amsterdam.